
Proba de

Código

CSPEC01

Ciencias da terra e ambientais

Ciencias da terra e ambientais



1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- Puntuación: 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrectamente contestada restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.



2. Exercicio

1. O osíxeno disolvido (OD) é un parámetro fundamental para determinar a calidade da auga. Un baixo nivel de osíxeno disolvido na auga dun río indícanos:
-

El oxígeno disuelto (OD) es un parámetro fundamental para determinar la calidad del agua. Un bajo nivel de oxígeno disuelto en el agua de un río nos indica:

- A** Un baixo caudal do río.
Un bajo caudal del río.
- B** Unha alta concentración de materia orgánica.
Una alta concentración de materia orgánica.
- C** Altos valores de pH que impiden a disolución do osíxeno.
Altos valores de pH que impiden la disolución del oxígeno.

2. Os procesos de eutrofización das augas comezan cun aumento da produtividade primaria:
-

Los procesos de eutrofización de las aguas comienzan con un aumento de la productividad primaria:

- A** Porque se produce un incremento do contido en osíxeno e nutrientes.
Porque se produce un incremento del contenido en oxígeno y nutrientes.
- B** Porque as substancias nutritivas precipitan e impiden o crecemento de bacterias.
Porque las sustancias nutritivas precipitan e impiden el crecimiento de bacterias.
- C** Se incrementa a DBO das augas.
Se incrementa la DBO de las aguas.

3. En función dos intercambios de materia e enerxía co ambiente, podemos dicir que os sistemas biolóxicos (células, organismos, poboacións...) son:
-

En función de los intercambios de materia y energía con el entorno, podemos decir que los sistemas biológicos (células, organismos, poblaciones...) son:

- A** Sistemas abertos.
Sistemas abiertos.
- B** Sistemas pechados.
Sistemas cerrados.
- C** Sistemas illados.
Sistemas aislados.



4. A porcentaxe de radiación solar reflectida pola Terra, do total da que incide procedente do Sol, denomínase:

El porcentaje de radiación solar reflejada por la Tierra, del total de la que incide procedente del Sol, se denomina:

A Efecto invernadoiro.

Efecto invernadero.

B Efecto albedo.

Efecto albedo.

C Efecto Coriolis.

Efecto Coriolis.

5. Os mecanismos de retroalimentación positiva son aqueles que:

Los mecanismos de retroalimentación positiva son aquéllos que:

A Manteñen o sistema estable arredor do seu estado inicial, é dicir, son estabilizadores ou homeostáticos.

Mantienen el sistema estable alrededor de su estado inicial, es decir, son estabilizadores u homeostáticos.

B Afastan continuamente o sistema do seu estado inicial, é dicir, son desestabilizadores.

Alejan continuamente al sistema de su estado inicial, es decir, son desestabilizadores.

C Representan o influxo dun elemento sobre outro, é dicir, as dúas variables móvense en sentido contrario.

Representan el influjo de un elemento sobre otro, es decir, las dos variables se mueven en sentido contrario.

6. Para cada problema ambiental específico pódense establecer tres tipos de indicadores. Aqueles que describen os efectos derivados da presión concreta sobre a calidade do medio e nos dan a idea do impacto ambiental orixinado denomínanse:

Para cada problema ambiental específico se pueden establecer tres tipos de indicadores. Aquéllos que describen los efectos derivados de la presión concreta sobre la calidad del medio y nos dan la idea del impacto ambiental originado se denominan:

A Indicadores de presión (P).

Indicadores de presión (P).

B Indicadores de estado (E).

Indicadores de estado (E).

C Indicadores de resposta (R).

Indicadores de respuesta (R).



7. Para medir os movementos sísmicos hai diferentes parámetros de medida. Para medir a intensidade dun sismo, é dicir, a súa capacidade de destrución e cuantificar a vulnerabilidade, úsase a:

Para medir los movimientos sísmicos hay diferentes parámetros de medida. Para medir la intensidad de un sismo, es decir, su capacidad de destrucción y cuantificar la vulnerabilidad, se utiliza la:

A Escala de Mercalli.

Escala de Mercalli.

B Escala de Richter.

Escala de Richter.

C Escala de Gutenberg.

Escala de Gutenberg.

8. O fenómeno de *El Niño* débese a un excesivo quecemento das augas do Pacífico oriental nas costas do Perú, provocado porque:

El fenómeno de El Niño se debe a un excesivo calentamiento de las aguas del Pacífico oriental en las costas del Perú, provocado porque:

A Os ventos alisios amainan e non arrastran a auga da superficie oceánica cara ao oeste, non se produce o afloramento da auga e a riqueza pesqueira diminúe na zona.

Los vientos alisios amainan y no arrastran el agua de la superficie oceánica hacia el oeste, no se produce el afloramiento del agua y la riqueza pesquera disminuye en la zona.

B Os ventos alisios empuxan cara ao oeste a auga da superficie oceánica; prodúcese o afloramento da auga e o aumento da riqueza pesqueira na zona.

Los vientos alisios empujan hacia el oeste el agua de la superficie oceánica; se produce el afloramiento del agua y el aumento de la riqueza pesquera en la zona.

C Os ventos alisios empuxan cara ao oeste a auga da superficie oceánica, non se produce o afloramento da auga e a riqueza pesqueira diminúe na zona.

Los vientos alisios empujan hacia el oeste el agua de la superficie oceánica, no se produce el afloramiento del agua y la riqueza pesquera disminuye en la zona.

9. Unha das causas principais do aumento do chamado burato na capa de ozono son:

Una de las causas principales del aumento del llamado agujero en la capa de ozono es:

A Os compostos orgánicos, como hidrocarburos ou compostos orgánicos volátiles, e metano (CH₄).

Los compuestos orgánicos, como hidrocarburos o compuestos orgánicos volátiles, y metano (CH₄).

B Os compostos de xofre, como óxidos de xofre (SO₂ e SO₃) e sulfuro de hidróxeno (H₂S).

Los compuestos de azufre, como óxidos de azufre (SO₂ y SO₃) y sulfuro de hidrógeno (H₂S).

C Os compostos haloxenados como os clorofluorocarbonos (CFC).

Los compuestos halogenados como los clorofluorocarbonos (CFC).



10. Un dos efectos locais de contaminación atmosférica nas cidades é a formación de néboas contaminantes ou smog. O smog húmido ou sulfuroso ten a súa orixe na:

Uno de los efectos locales de contaminación atmosférica en las ciudades es la formación de nieblas contaminantes o smog. El smog húmedo o sulfuroso tiene su origen en la:

A Presenza na atmosfera de oxidantes fotoquímicos (O_3 , PAN e aldehídos) que xorden das reaccións de óxidos de nitróxeno, hidrocarburos e osíxeno coa enerxía que provén da radiación solar ultravioleta.

Presencia en la atmosfera de oxidantes fotoquímicos (O_3 , PAN y aldehídos) que surgen de las reacciones de óxidos de nitrógeno, hidrocarburos y oxígeno con la energía que proviene de la radiación solar ultravioleta.

B Elevada concentración nos núcleos urbanos de partículas en suspensión (feluxe e fume), SO_2 procedente de vehículos, calefaccións e industrias, e a súa combinación con néboas.

Elevada concentración en los núcleos urbanos de partículas en suspensión (hollín y humos), SO_2 procedente de vehículos, calefacciones e industrias, y su combinación con nieblas

C Presenza na atmosfera de óxidos de carbono (CO e CO_2) con orixe en combustibles fósiles de vehículos, calefaccións e industrias, e a súa combinación con néboas, que incrementa o efecto invernadoiro.

Presencia en la atmosfera de óxidos de carbono (CO y CO_2) con origen en combustibles fósiles en vehículos, calefacciones e industria, y su combinación con nieblas, que incrementa el efecto invernadero.

11. O proceso de salinización dos acuíferos é un fenómeno frecuente en moitas áreas agrícolas e turísticas españolas debido a:

El proceso de salinización de los acuíferos es un fenómeno frecuente en muchas áreas agrícolas y turísticas españolas debido a:

A O uso de augas salobres para usos agrícolas.

El uso de aguas salobres para usos agrícolas.

B A filtraxe de augas residuais procedentes das áreas turísticas.

La filtración de aguas residuales procedentes de las áreas turísticas.

C A intrusión salina por sobreexplotación do acuífero.

La intrusión salina por sobreexplotación del acuífero.

12. Considéranse augas duras aquelas que teñan unha concentración superior a:

Se consideran aguas duras las que tengan una concentración superior a:

A 120 mg/l de CO_3Ca

B 120 mg/l de NaCl

C 120 mg/l de KCl



13. A capa da atmosfera onde ten lugar o efecto invernadoiro orixinado pola presenza de certos gases que absorben a radiación infravermella procedente do Sol e na que tamén ocorre a maioría dos cambios meteorolóxicos, denomínase:
-

La capa de la atmosfera en la que tiene lugar el efecto invernadero originado por la presencia de ciertos gases que absorben la radiación infrarroja procedente del Sol y en la que también ocurre la mayoría de los cambios meteorológicos, se denomina:

- A** Termosfera.
- B** Estratosfera.
- C** Troposfera.

14. Cando as circunstancias atmosféricas en que as temperaturas a nivel do chan son inferiores ás temperaturas en altura, dicimos que estamos ante unha situación de:
-

Cuando las circunstancias atmosféricas en las que las temperaturas a nivel del suelo son inferiores a las temperaturas en altura, decimos que estamos ante una situación de:

- A** Inestabilidade atmosférica.
Inestabilidad atmosférica.
- B** Inversión térmica.
Inversión térmica.
- C** Atmosfera dinámica.
Atmósfera dinámica.

15. A comunidade clímax representa o grao de máxima madurez, de equilibrio co medio, ao que tenden todos os ecosistemas, é dicir, o derradeiro nivel de complexidade nunha sucesión, e caracterízase porque:
-

La comunidad clímax representa el grado de máxima madurez, de equilibrio con el medio, al que tienden todos los ecosistemas, es decir, el último nivel de complejidad en una sucesión, y se caracteriza porque:

- A** A biodiversidade e a biomasa son máximas, dominan as especies k-estrategas e a taxa de renovación é mínima.
La biodiversidad y la biomasa son máximas, dominan las especies k-estrategas y la tasa de renovación es mínima.
- B** A biodiversidade e a biomasa son máximas, dominan as especies r-estrategas e a taxa de renovación é máxima.
La biodiversidad y la biomasa son máximas, dominan las especies r-estrategas y la tasa de renovación es máxima.
- C** A biodiversidade e a biomasa son mínimas, dominan as especies r-estrategas e a taxa de renovación é máxima.
La biodiversidad y la biomasa son mínimas, dominan las especies r-estrategas y la tasa de renovación es máxima.



16. Entre as medidas non estruturais que se poden aplicar para a prevención dos danos causados polas inundacións podemos citar:

Entre las medidas no estructurales que se poden aplicar para la prevención de los daños causados por las inundaciones podemos citar:

A A ordenación do territorio, a construción de diques e os mapas de risco.

La ordenación del territorio, la construcción de diques y los mapas de riesgo.

B O desvío de canles, medidas de laminación e a reforestación.

El desvío de cauces, medidas de laminación y la reforestación.

C Os mapas de risco, os plans de protección civil, e os seguros e as axudas públicas.

Los mapas de riesgo, los planes de protección civil, y los seguros y las ayudas públicas.

17. A hidrosfera actúa como regulador térmico grazas á súa elevada calor específica, polo que á mesma latitude os lugares ao pé do mar terán:

La hidrosfera actúa como regulador térmico gracias a su elevado calor específico, por lo que a la misma latitud los lugares junto al mar tendrán:

A Unha maior amplitude térmica que os situados no interior dun continente.

Una mayor amplitud térmica que los situados en el interior de un continente.

B Unha menor amplitude térmica que os situados no interior dun continente.

Una menor amplitud térmica que los situados en el interior de un continente.

C A mesma amplitude térmica que os situados no interior dun continente.

La misma amplitud térmica que los situados en el interior de un continente.

18. Nas estacións de tratamento de auga potable (ETAP) utilízase o ozono para:

En las estaciones de tratamiento de agua potable (ETAP) se utiliza el ozono para:

A Reducir a acidez da auga.

Reducir la acidez del agua.

B Separar as partículas presentes na auga.

Separar las partículas presentes en el agua.

C A desinfección.

La desinfección.



- 19.** Hai diferentes criterios para establecer unha clasificación dos usos da auga. Falamos dun uso consuntivo desta cando se utiliza para:
-

Hay diferentes criterios para establecer una clasificación de los usos del agua. Hablamos de un uso consuntivo de la misma cuando se utiliza para:

- A** Actividades agrícolas, e usos domésticos e industriais.

Actividades agrícolas, y usos domésticos e industriales.

- B** Usos enerxéticos, recreativos e navegación.

Usos energéticos, recreativos y navegación.

- C** Usos urbanos, natación e navegación.

Usos urbanos, natación y navegación.

- 20.** Entre os factores que cómpre ter en conta á hora de estudarmos un risco, un é a probabilidade de ocorrencia dun fenómeno cunha severidade que o fai potencialmente daniño nun lugar determinado e dentro dun intervalo de tempo específico. De que factor de risco estamos a falar?
-

Entre los factores que hay que tener en cuenta a la hora de estudiar un riesgo, uno es la probabilidad de ocurrencia de un fenómeno con una severidad que lo hace potencialmente dañino en un lugar determinado y dentro de un intervalo de tiempo específico. ¿De qué factor de riesgo estamos hablando?

- A** Da perigosidade.

De la peligrosidad.

- B** Da vulnerabilidade.

De la vulnerabilidad.

- C** Da exposición.

De la exposición.